

## ARQUIVO SONORO: PARA QUE AS PALABRAS NON AS LEVE O VENTO

*Afonso Vázquez-Monxardín Fernández*

Arquivo Sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega

### I. INTRODUCCIÓN: DE COMO O HOME, POR AÍ FÓRA, ATOU A PALABRA

Cando por primeira vez na historia da humanidade Thomas Alva Edison recollía a voz humana, –a súa– no seu estudio de Menlo Park en Nova Jersey en 1877 e escoitaba aquilo de “Mary had a little lamb”<sup>1</sup> –mesmo un ano antes da invención da lámpada incandescente– se cadra era xa consciente de que lograba capturar unha nova dimensión da persoa absolutamente inédita. A fotografía, cuns anos de adianto, perfeccionara xa a captación de imaxes estáticas, bícromas e en dúas dimensións e, sen quero, comezaba a destruí-lo canon de perfección e mestría baseado na plasmación liñal da realidade que daquela, aínda gobernaba a pintura chamada xa “realista”.

Sen embargo ningún antecedente de valor existía en canto á reprodución dos sons, da voz, da fala.

O espallamento das obras de Caruso gravadas desde 1902 e a colección “Red Label” de Columbia de música clásica fixeron que na primeira década deste século o fonógrafo pasase de ser un “xoguete” das “novas tecnoloxías” nas casas burguesas a ser estimado como algo interesante e sumamente útil. Non é de estrañar pois que desde o cambio de século e ata a segunda Guerra Mundial á parte de espallarse a edición naquel soporte, moitos sexan os etnógrafos e musicólogos interesados en recoller mediante gravacións con aqueles rudimentarios aparellos de cilindros de cera ou estaño, cánticos e voces populares de pobos que estudian. O compositor Bela Bartok pode ser un exemplo do que se fixo en Centro-Europa –en Hungría, pero tamén noutros lugares– e os antropólo-

<sup>1</sup> A voz seica foi a del, pero a frase non. É dunha autora norteamericana –Sarah Josepha Hale– quen publicou en 1830 unha cantiga infantil con ese título que axiña se había facer tremendamente popular.

gos estadounidenses da recompilación de temas indíxenas de Norte América así como os ingleses de distintas zonas do seu imperio.

A historia “técnica” da captación do son énos, por próxima, bastante coñecida: logo do invento de Edison –e do seu espallamento en Europa gracias ós irmáns Pathé en Francia, contra o cambio de século<sup>2</sup>– Berliner lanza o gramófono que non usa cilindro senón disco no ano 1893 e algo despois xa se moven a 78 r.p.m. Entrementres o danés Poulsen logra en 1899, por camiños tecnicamente diferentes, capta-lo son mediante impulsos magnéticos e converterse no pai dos magnetófonos de arame que tardarán tempo en desenvolverse e que chegarán en uso case ós sesenta. Nos anos vinte De Forest inventa nos USA o sistema óptico de rexistro de son co que vai dotar de palabra o cine mudo. No ano 48 nacen os LP a 33 r.p.m. e ó ano seguinte os “singles” a 45 r.p.m. O son estéreo introdúcese en 1958 e o pouco exitoso “cuadrafónico” nos anos setenta. As gravadoras en carretes de bobina aberta –cintas de plástico e mesmo de papel de ¼ de polgada recubertas de po ferromagnético– terán que esperar para espallarse ós anos cincuenta. Facendo un símil co mundo da fotografía en branco e negro –semellante calidade hoxe que hai cen anos– podemos dicir que ata a chegada das gravacións dixitais pouco foi o que se avanzou desde aqueles aparellos de “sobremesa”, incómoda manipulación e transporte e que hoxe están reducidos, na mellor das súas variantes, ó uso profesional nas emisoras de radio. En 1966 empezan a circula-los casetes –popularización masiva de gravadoras e reproductoras, só comparable á difusión das cámaras fotográficas de 36 mm. ou paso universal– e en 1983 en Europa e América –no Xapón un ano antes– entran no mercado os CDs. Nos finais dos 80 amplíase a posibilidade de gravación dixital –ata aquel momento reservado a grandes estudos– co lanzamento da casete dixital DAT. A mediados dos noventa compiten duramente tres sistemas de gravación doméstica dixital (DAT, DCC e Mini-Disc) con calidade semellante e dos que o DCC parece ter un futuro máis incerto. Ó tempo a interacción entre mundo da informática e tratamento do son abre novas e inmensas posibilidades.

## II. SOBRE A CONSERVACIÓN: DE COMO HAI PROBLEMAS METODOLÓXICOS NA CONSERVACIÓN DE NOVOS MATERIAIS

A historia da gravación e edición de materiais sonoros –como doutras novas formas de documentación que aparecen desde aquela época– baterá coa inercia das tres institucións dedicadas á salvagarda da memoria do pasado. Se nos *arquivos* se custodian documentos históricos, nos *museos* obxectos arqueolóxicos e artísticos e nas *bibliotecas* li-

<sup>2</sup> Á parte das súas edicións tiñan ós dez anos de comezaren co negocio da venda de fonógrafos, en 1904, 12.000 gravacións realizadas. Estes fondos logo de daren lugar ó *Musée de la Parole* en 1911, confluiron na *Phonothèque National et de l'Audiovisuel*, incorporada en 1976 á Biblioteca Nacional.

bros, as novas categorías de documentación nacidas case dentro do último século (*imaxe* –foto, cine, vídeo–, *son* –gravacións en diversos soportes editadas e inéditas– e, recentemente, os *soportes informáticos*) buscan topar un oco definitivo no panorama da conservación dos bens culturais.

Gracias á grande seducción exercida pola imaxe no mundo occidental existen *Filmo-tecas Nacionais* establemente organizadas en tódolos países. En Galicia o *Centro Galego de Artes da Imaxe* –co que temos colaborado no rescate dalgúns materiais– está a cumprir esta función. O mundo da informática ten unha especificidade clara e centra o interese dos especialistas en arquivística e documentación nos últimos anos, nos que sen embargo, a evolución acelerada dos medios lévalles impedido unha fixación definitiva de criterios ó respecto.

Pero o mundo da *documentación sonora* –sen dúbida o “parente pobre”– non ten aínda un tratamento tan homoxéneo como a imaxe. Moitas son as razóns: unha global minusvaloración da mesma<sup>3</sup>; a facilidade de destrución por reutilización dos soportes no caso das gravacións –o caso tipo é o xornalista que “machaca” a casete de entrevistas ata que engarra no aparello ou mesmo a emisora de radio que grava e regrava as súas cintas de ¼ de polgada sen conservar arquivo–; a falla de homoxeneidade, polo que as coleccións están maiormente ligadas á iniciativa, vontade e intereses de individuos concretos; a diversidade de orixe documental –radios, universidades, institucións culturais, etc.–; a utilización de variadísimos estándares distintos ó longo da historia (cilindros de fonógrafo, discos de gramófono de 78 r.p.m., discos de microsucos de 33 ou de 45 r.p.m., magnetófonos de fío de aceiro, de bobina aberta, casete, micro-casetes, “cartuchos”, DAT, CDs, DCC, Minidiscos, CD-Roms...) absolutamente incompatibles entre si.

Daquela podíamos dicir que a progresiva conversión de coleccións de gravacións en arquivos sonoros está ligada a historias concretas: Coleccións etnográficas doadas a un Museo, Arquivo ou Universidade co que se inicia ou marca unha liña de traballo; establecemento da obrigatoriedade do Depósito Legal –coa súa correspondente entrega de tódolos materiais editados ás Bibliotecas Nacionais nas que se deberán habilitar seccións de “fonoteca”<sup>4</sup>–, organización precisa dos fondos das radios estatais como unha ferramenta máis do seu traballo cotián á parte da proxección histórico-cultural, suma de traballos de historia oral con outros de lingua ou de coleccións de sons da natureza, etc.<sup>5</sup>

<sup>3</sup> Como curiosidade diremos que en toda a historia do boletín ANABAD –desde a fundación en 1948– dos profesionais das bibliotecas, arquivos, museos e documentación só aparecen dous artigos sobre asuntos de arquivos sonoros.

<sup>4</sup> A denominación *Fonoteca* sóse referir á xestión de documentación sonora editada –con obvia proximidade a biblioteca ou hemeroteca– e *Arquivo Sonoro* a materiais non necesariamente editados –como en xeral tódolos arquivos. Sen embargo, existen casos de confluencia e que unha mesma institución –caso do *National Sound Archive da British Library*– xestione as dúas categoría de información.

<sup>5</sup> En Miranda Regojo (1990) pódese ver unha achega á constitución das principais fonotecas mundiais.

Ningunha destas circunstancias se deu en Galicia. O obvio retardo tecnolóxico<sup>6</sup> fará que as gravacións e edicións efectuadas nos tempos da preguerra civil sexan escasísimas<sup>7</sup>. (Está por facer unha discografía galega). Os homes do Seminario de Estudos Galegos nunca dispuxeron do que serían exóticas gravadoras para os seus traballos de campo nas Terras de Melide, na Parroquia de Velle, en Calvos de Randín, ou para a recompilación da cultura popular de tradición oral que empezaron a facer. As emisoras de radio –privadas, coa súa concepción primeira de negocio sen pensar en implicacións culturais ou conservacionistas– comezan a emitir bordeando xa coa guerra civil<sup>8</sup> co que é fácil supo-la imposibilidade de conservar fondos a través dos anos da escaseza intelectual e material seguintes. A non existencia administrativa de Galicia e a febleza das súas institucións culturais fará impensable que a Biblioteca da Universidade, única con posibilidades reais, se convertese nunha moderna e auténtica Biblioteca Nacional que arrecadase as escasísimas edicións de temática galega.

A guerra mundial a seguir da española e o posterior bloqueo hannos configurar un panorama profundamente estático nos anos corenta e primeira metade dos cincuenta. As emisoras privadas utilizan material moi antigo, reutilízanos continuamente, e practicamente ninguén posúe gravadoras de son.

A edición de discos –para gramófono ata entrados os cincuenta– tampouco será especialmente relevante. Os cambios máis significativos serán a presenza da emisora de RNE na Coruña –desde 1940<sup>9</sup>– que co tempo reunirá a primeira colección sonora de importancia de Galicia e o establecemento do seu Arquivo na sede central, e a regulación dos dereitos de autor no mundo das producións discográficas e do Depósito Legal ó longo dos anos corenta e cincuenta.

Coincidindo co “desarrollismo” dos primeiros sesenta, empezan a chegar de Europa as primeiras grandes gravadoras de sobremesa, de bobina aberta –*Ingra, Grunding, Philips*–, coas que algúns particulares e institucións comezan a gravar actos do seu interese. Varias son as coleccións localizadas e duplicadas destas características, con mostras de Santiago –Homenaxe a Otero no Hostal en 1968–, Vigo –Primeiro recital de *Voces Cei-*

<sup>6</sup> Algúns exemplos: as primeiras emisoras de radio empezan a emitir en USA antes do ano 1910; a principios da década dos vinte 40 millóns de norteamericanos seguían semanalmente proxeccións de cine; a TV británica empeza a emitir en 1936; etc. Non é preciso insistir neste retardo nun país no que a xente de mediana idade lembra a electrificación do rural.

<sup>7</sup> Algún fonógrafo de Edison chegou a Galicia; un entre os fondos dun dos introductores da fotografía, José Pacheco en Ourense, e existe unha colección de cilindros na Coruña. Gravado aquí, que saibamos existe un de “Aires Gallegos de Tafall ó violín”, que segundo noticias –aínda que non demos con el– se conservaba no antigo seminario de Santiago.

<sup>8</sup> En 1932 Radio Compostela, en 1935 legalízase Radio Orense que levaba en probas tres anos, Radio Pontevedra iniciara as súas emisións en marzo de 1934, Radio Vigo ó mes seguinte e Radio Lugo en 1935.

<sup>9</sup> Curiosamente con material regalo de Hitler e que lle serviu ó mando alemán como tapadeira para contactar cos seus buques e submarinos no Atlántico case ata a fin da guerra.

bes, 1968–, Lugo –conferencias do Círculo das Artes–, Ourense –conferencias na A. C. Auriense, etc.–, A Coruña –ingreso de Ramón Piñeiro na R.A.G. 1967–, etc.

Coa expansión dos LPs e singles nestes anos algunhas bibliotecas públicas comezan a acoller servizos de “fonotecas” con discos en préstamo. A identidade de propósitos co mundo do libro é evidente, pero a popularización nos setenta e oitenta das dobres pletinas de casetes e *equipos de música* fará que cada vez os intercambios de préstamo e gravación sexa máis entre amigos que con institucións que ademais, polo xeral, ofrecían produtos presuntamente menos atractivos para a mocidade. Un servizo que nunca chegara a funcionar a pleno rendemento, ha ir esmorecendo<sup>10</sup>.

No tránsito da década dos sesenta ós setenta chegará a de momento en vigor, revolución da casete. A teórica menor calidade proporcionada polo soporte vese compensada tanto pola maior calidade inicial da edición –as casas empezan a usar másteres dixitais– como polo seu escaso custo e pola extrema facilidade de uso, tanto en simple reprodución como en gravación. A música editada neste formato terá no automóbil e nas excursións iniciáticas da mocidade, dous aliados incondicionais na súa difusión. Tanto é así, que non existe practicamente fogar sen aparello de reprodución e gravación en casete.

O abano de utilizacións profesionais que se fan deste soporte é inmenso. Xornalistas, escritores, historiadores, antropólogos, lingüistas, profesores, estudantes, etc. gravan materiais dos que hoxe, desde o ASG, andamos á cata. Algunhas institucións culturais –O Facho, Ateneo de Ferrol, Aula de Cultura de Caixa Galicia, deron en gravar para os seus propios arquivos de xeito sistemático os seus actos, e daquela posúen hoxe coleccións importantísimas entre as que destaca a de Caixa Galicia de Ferrol que pasa das 1.000 horas de gravación. Desgraciadamente non é habitual esta sensibilidade sempre ligada á actuación dalgunha persoa con especial visión de futuro. Sen embargo son moitas as que gravaron actos públicos –conferencias, pregóns, concertos, homilías– e que en xeral cando contactamos con elas, se amosan encantadas de compartí-las seus “tesouros” como forma de garanti-la súa conservación<sup>11</sup>.

#### IV. A ORIXE DO PROXECTO: O QUE TENTAMOS FACER

Ante a realidade de que desde o mundo institucional non se levaba emprendido ningunha medida conducente á reflexión e dinamización do interese pola conservación do

<sup>10</sup> Sen embargo nos últimos tempos algunhas bibliotecas de nova creación como a de Castilla-León en Valladolid, de 1990, reintroduciron a sección de fonoteca de préstamo baseándose nas vantaxes e maior dureza e resistencia ós préstamos do CD fronte ós tradicionais LPs e casetes. A ampla utilización deste servizo de préstamo coidamos está vinculada ás facilidades técnicas de copia doméstica de que gozan os afeccionados á música.

<sup>11</sup> Obviamente non é o mesmo solicitarlle a alguén a doazón dun cadro para un museo ou dun documento para un arquivo, que pedirlle unha copia que hoxe se fai con suma facilidade. Ademais, moitas veces con tratamentos técnicos adecuados –eualización selectiva, filtros, etc.– se pode devolver copia en bastante mellor estado cós orixinais.

patrimonio Sonoro, o Consello da Cultura Galega, a principios de 1992 asumiu a proposta de Antón Santamarina de establecer un programa dentro do Consello para tratar de encher ese oco. Considerábamolo tarefa necesaria e urxente por varios motivos:

Necesaria porque o proceso de cambio cultural que se produce de forma imparable nas sociedades mundiais desde a aparición dos modernos medios de integración social e comunicación, (sobre todo escola e televisión), e na nosa en particular coa superación da vella sociedade tradicional (cambio nas bases económicas e formas de vida) fai que hoxe, estean en proceso de irreversible desaparición formas culturais a elas ligadas. Hoxe perviven receptores daquela cultura tradicional, pero non foron transmisores. Dito doutro xeito, os nosos avós aprenderon contos, lendas, adiviñas, historias, cantigas, etc. pero non llelas transmitiron ós netos porque estes estaban no colexio ou vendo a televisión.

Pero a esta necesidade antropolóxica, únenselle outras de tipo histórico. Como é recordada a historia acontecida en xeracións pasadas (guerra dos franceses, carlistas...), como recordan os seus derradeiros protagonistas as guerras de África, a sega en Castela, a primeira emigración... É necesario termos tamén sentido histórico do momento presente. Son escasísimas as gravacións de personaxes do mundo actual falecidos non hai moitos anos (Risco, Cuevillas, Otero, ...) e poucas tamén as dos persoeiros da cultura e doutros campos, aínda vivos.

Razóns de tipo lingüístico tamén están presentes neste proxecto. A conveniencia de termos centralizados rexistros sonoros correspondentes a falantes de moitos puntos da nosa xeografía, non pode ser minusvalorada.

Está pois, nas nosas mans, a capacidade de utilizármolos medios técnicos axeitados para lograr que a voz do pobo permaneza sempre entre nós.

Pero ademais a constitución dun arquivo sonoro é unha tarefa sumamente urxente. A aceleración do proceso de cambio cultural a partirmos da escolarización obrigatoria, e da chegada dos aparellos de radio e de televisión a tódalas casas, fai que o proceso de perda da cultura oral ameace seriamente con ser absoluto en poucos anos. Hiperbolicamente, un castro, se esperou dous mil anos, pode esperar cen máis. O vello que sabe a lenda do castro, seguro, non terá tanto vagar. Estamos nun momento no que aínda quedan moitas xentes lúcidas que recordan aquela vella sociedade e a súa tradición oral, hai antigos barqueiros, antigos segadores de Castela, antigas xentes de oficios que non poden esperar.

Concretábamnos en tres as liñas de traballo do programa:

1. *Inventario e copia do material espallado.* (Era preciso sabe-lo que había no país e copia-lo que fose conveniente)
2. *Recollida da Cultura Popular de Tradición Oral.* (No que incluíamos literatura de tradicional oral, antropoloxía, sons instrumentais, da natureza e lembranzas da historia).
3. *Recollida dos Rexistros Cultos.* (Conferencias, coloquios, ofrendas, pregóns, etc.)

Desde aquel momento e cuns medios técnicos e humanos reducidos pero progresivamente ampliados a medida que se concretaban algunhas liñas de traballo, fomos tra-

tando de tecer unha rede de contactos que operase en dúas direccións: promove-lo interese e a atención ós asuntos do patrimonio sonoro, localización de materiais ou realización de gravacións directas. Ó tempo xulgamos interesante editar ou coeditar algunhas pezas dos materiais localizados para facer ve-la importancia e posibilidades de transcendencia cultural dun traballo destas características.

## V. LIÑAS DESENVOLTAS: DAS COUSAS QUE IMOS FACENDO NO ASG

Desde a orixe mesma do proxecto foi a nosa intención que non se considerase este tanto un intento de montaxe dun centro de investigación, como dun lugar de reflexión e de posta en marcha de iniciativas en relación á conservación do patrimonio sonoro. Por iso, tratamos sempre de involucrar á maior cantidade de persoas e institucións públicas e privadas no desenvolvemento de actividades que considerabamos importantes para inicia-lo camiño de interese no patrimonio sonoro.

Para efectuar estes traballos levamos contado con colaboracións persoais –de doadores de materiais, etc.–, con bolseiros do Consello da Cultura Galega –actualmente son catro– e con axudas doutras instancias que no seu lugar sinalamos.

Algunhas destas actividades foron:

**1) Investigación-acción na aula (1991-92).** Promovéronse gravacións de tipo etnográfico en dez centros de ensino medio de Galicia con achegamento da Cultura Popular de Tradición Oral ó mundo escolar e coa constitución de coleccións nos centros, á parte da centralización de copias no programa ASG. Contamos, neste traballo, coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística e máis da Dirección Xeral de Ensino Medio.

**2) Traballos en centros da Terceira Idade (1992).** Mediante un convenio coa Dirección Xeral de Servizos Sociais, catro bolseiras realizaron entrevistas sobre CPTO en catro centros da Terceira Idade: Viveiro, Tui, Santiago e Ourense. Máis de cen horas de gravación en xeral de alta calidade e xa transcritas. Unha escolma destes traballos xa foi publicada.

**3) Recuperación de fondos sonoros no Río da Prata.** Coa colaboración da Consellería de Cultura e da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades, investigamos en Arxentina e Uruguai, no verán de 1992, a conservación de fondos de interese cultural e trasladamos copias ou orixinais a Santiago para a súa dixitalización. Sen dúbida son as coleccións máis importantes do ASG porque recollen a memoria culta da Galicia extraterritorial nun momento no que é difícil localizar gravacións do interior. Xa en Galicia, mediante un convenio coa CRTVG procedeuse á dixitalización de parte dos fondos, as 92 bobinas provenientes do Centro Galego. Devolvéronse copias en casete dos fondos do Centro Galego e Galicia de Bos Aires no verán de 1993. Tamén se procedeu á adquisición dunha colección de

fondos sonoros –Colección Segundo Pampillón– e á recepción dalgunha importante doazón, como o disco orixinal coa voz de Castelao, gravado o 30 de setembro de 1941 e feita pola familia do actor galego Fernando Iglesias “Tacholas”.

**4) Participación na colección FONOTECA 92** de *El Correo Gallego*. Na primavera de 1992 contribuímos con parte dos nosos fondos iniciais á sección de “voces históricas” na colección FONOTECA 92 de *El Correo Gallego*. Desde o proxecto ASG facilitámo-las voces de Castelao, Otero, Cabanillas, Dieste, Fole, Blanco Amor, etc.

**5) Promoción de bolsas de investigación sobre Cultura Popular de Tradición Oral.** A Consellería de Cultura concedeu 10 bolsas para traballos de investigación sobre a CPTO de determinadas comarcas na convocatoria de 1993. Fóronnos proporcionadas copias polos investigadores ou pola administración.

**6) Gravación de sons da natureza.** A *Escola de Imaxe e Son* a instancias nosas, promoveu no verán de 1993 a realización dun traballo fin de curso no centro baixo o título de *Sons da Terra* no que se recompilaron 125 sons naturais ou humanos típicos da terra. Deles 52 foron escolmados para edición dun CD na primavera de 1995. No ano 1995 houbo tamén un bolseiro do Consello da Cultura Galega traballando en gravación de sons da natureza e humanos de cara a amplia-lo abano de son recompilados e á edición dun novo CD “Os poetas e os seus sons”.

**7) Gravación de entrevistas.** Conscientes de que o noso é un país onde a oralidade ten unha especial importancia á hora de revivi-la historia, procedemos a efectuar entrevistas a personaxes especialmente importantes para irmos achegando materiais a un “arquivo da palabra”. Unha bolseira entrevistou ó longo de 1995 a Colmeiro, Laxeiro, Filgueira Valverde, Rei de Viana, Pura Vázquez, Felipe Fernández Armesto, Antón Fraguas, e Posada Curros.

**8) Participación na montaxe do Pavillón do IGAEM.** Proporcionámoslle ó IGAEM, en 1993, unha selección das 25 voces máis representativas do país para o seu tratamento informático e disposición pública mediante pantallas táctiles e auriculares, na exposición permanente que existe na sede deste organismo, no pavillón de Galicia, en San Lázaro.

**8) Transcrición de materiais.** Bolseiros do Consello procederon á transcrición e anotación de conferencias de interese de cara á súa distribución masiva con xornais –Otero Pedrayo, *A Xeración Nós*, O Correo Galego, 17 de decembro de 1995, Ferro Couselo, *A orixe de Ourense*, La Región, 17 de maio de 1996– ou á preparación para a súa edición directamente desde o programa: Álvaro Cunqueiro, *Achega á historia de Galicia*, Lisboa 1970, Celso Emilio Ferreiro, *Entrevista de X. A. Perozo e M. Xosé Porteiro*, 1975.

**9) Achegas de materiais.** Achegámoslle materiais de gravacións a *Videovoz* –para programas na TV de Blanco Amor, Dieste, Ferro Couselo, ós *Centros de Recursos* para a elaboración de vídeos didácticos destes autores e Cabanillas, Ferro, Blanco



Amor, á *Radio Galega* para a edición dun CD titulado *Galicia e América* e para programas sobre *Voces históricas*, etc.

**10) Relación con outros centros:** Visitamos diversas institucións: o AVAS (*Association Valdôtaine de Archives Sonores*) en Aosta, a *Fonoteca da Generalitat de Catalunya*, a *Fundació Jaume Font*, e o *Archivo de Historia Oral del Institut municipal d'Història de Barcelona*, o *National Sound Archive da British Library* en Londres, o departamento de Imaxe e Son do *Archivo Histórico de la Nación* (Arxentina), o Arquivo do Parlamento Galego<sup>12</sup>, Arquivo do proxecto HISTORGA –Historia oral de Galicia– en Santiago, o Arquivo de RNE na Coruña e a Fonoteca da Biblioteca Nacional en Madrid.

**11) Localización de materiais noutras coleccións:** Levamos localizadas amplas coleccións de materiais das que temos índices: RNE (índices de Madrid e A Coruña), Aula de Cultura de Caixa Galicia Ferrol, Ateneo de Ferrol, Galería Sargadelos de Santiago, Concello de Moaña. E temos relación, con outras amplas coleccións, Proxecto HISTORGA –Historia Oral da Facultade de Xeografía e Historia de Santiago–, ILG (Arquivo do Galego Oral, Atlas Lingüístico, etc.) e con algunhas amplas coleccións privadas, das cales algunha está en negociacións para a súa integración no noso proxecto.

**12) Copia de materiais.** Levamos efectuado copias dunha cantidade inxente de materiais. De feito a maior parte do noso traballo actual está centrado na copia en formato dixital (DAT) de coleccións contactadas e na organización sistemática dos fondos mediante unha base de datos específica. As persoas e institucións que nos levan proporcionado materiais, a setembro de 1996, son:

*“A Nosa Terra” (entrevistas)*

Abraira, Carlos (EEUU) (conversas con Bieito Abraría)

*“Agrupación Cultural O Facho da Coruña” (corenta e cinco conferencias)*

Alcalá, Xavier (lectura de obra)

Alvarado, Segundo (entrevistas e radio)

Álvarez Cáccamo, X. M<sup>a</sup>. (lectura obra)

*“Ateneo de Ourense” (conferencias)*

Axeitos, Xosé Luís (materiais de Dieste)

*“Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense” (Ben-Cho-Shey, etc.)*

Bobillo Morgade, Segismundo (conferencias)

Bouzo Quiroga, Carlos (homenaxes e conferencias)

Carballa, Xan (entrevistas)

Carrión González, Xosé Lois (conferencias)

*“Casa Galicia de Buenos Aires” (discos de gravacións)*

Casares, Carlos (entrevistas)

Castro, Xosé (Montevideo) (programas radio)

*“Centro Galego de Buenos Aires- (Instituto Arxentino da Cultura Galega)” (máis de 150 horas de conferencias, 1953-80)*

*“Centro Galicia de Buenos Aires” (unhas 50 horas de conferencias, 1955-90)*

<sup>12</sup> O descoñecido Arquivo Sonoro do Parlamento Galego conserva gravacións de tódolos intervencións en pleno e comisión desde a constitución do Parlamento en Xelmírez, o 19 de decembro de 1981.

Cid González, Afonso “Coplas, (entrevistas)  
 “*Círculo das Artes de Lugo*” (conferencias)  
 “*Clube Cultural Alexandre Bóveda*” (conferencias)  
 Cordeiro, Manuel (Bos Aires) (radio, homenaxes, conferencias)  
 Cunqueiro, César (conferencias)  
 Díaz, Carlos (radio e conferencias en Suíza)  
 Díaz Pardo, Isaac (conferencia)  
 Domínguez, Pepe (programas radio)  
*Edicións Xerais de Galicia (edicións)*  
*Edicións do Cumio (edicións)*  
*Edicións do Castro (edicións)*  
*Edicións Galaxia (edicións)*  
 Ellacuriaga, Servando (mitin)  
 Fernán Vello, Miguel Anxo (entrevistas)  
 Fernández, Xurxo (entrevista)  
 Fernández del Riego, Francisco (lectura obra)  
 Fernández Freixanes, Víctor (entrevistas)  
 Filgueira, Xerminal (Patagonia) (radio)  
 Fontenla Rodríguez, José Luís (conferencia)  
 Franco, Camilo (conferencia)  
 “*Fundación Otero Pedrayo*” (radio)  
 “*Fundación Penzol*”, Vigo (conferencias, recitais, radio)  
 García Vázquez, Pablo (disco)  
 Gómez Antón, Pedro (conferencias, radio)  
 Guitián, Carlos (conferencias, recital)  
 Huete, Carlos (entrevista)  
 Iniesta, Juan Carlos (Bs.As.) (radio)  
 Iglesias, Clotilde (Bs.As.) (gravacións Tacholas, disco Castelao)  
 “*I. BUP Nosa Señora dos ollos grandes*” (conferencia)  
 Ledo Andión, Margarida (entrevistas, radio)  
 Leivas, Rubén (conferencias)  
 “*Liceo Recreo Ourenán*” (conferencias)  
 Liñares, Amancio (etnografía, conferencias)  
 Manuel María (homenaxes)  
 Martín, Paco (lectura obra)  
 Martínez-Risco, Antón (entrevistas)  
 Mascato, Xosé Antón (entrevistas)  
 Menéndez Villalva, Luís (entrevistas)  
 “*Museo Arqueolóxico de Ourense*” (congresos)  
 “*Museo do Pobo Galego*” (gravacións Xoaquín Lorenzo)  
 “*O Penedo*”, *Agrupación Cultural de Barcelona* (conferencias)  
 Outeiriño, Manuel (entrevistas)  
 Pampillón, Enrique (Bs.As.) (unhas 100 horas de conferencias)  
 Parga, Xulián (ingreso de Ramón Piñeiro na RAG)  
*Parlamento Galego* (intervencións parlamentarias)  
 “*Patronato da Cultura Galega de Montevideo*” (conferencias, radio)  
 Perozo, Xosé Antón (entrevistas)  
 Pillado Mayor, Francisco (entrevistas)  
 Piñeiro, Antonio (radio)  
 Posa Antelo, Avelino (conferencias)  
 “*Radio Barcelona-SER*” (entrevistas)  
 “*Radio Nacional de España en Vigo*” (entrevistas, conferencias)

“Radio Ourense (SER)” (entrevistas)  
 “Radio Popular-COPE Ourense (Festivales do Miño)  
 “Radio Galega”, Santiago (actos institucionais)  
 Rego Nieto, Manuel (conferencias)  
 Rodríguez Madriñán, Fdo. (entrevistas, conferencias)  
 Rúa, Lois (entrevistas)  
 Sánchez, Celso (entrevista)  
 Santamarina, Antón (materiais etnográficos)  
 Santiago Valencia, Gustavo (Pedróns de Ouro)  
 Schubart, Dorothy (materiais etnográficos)  
 Seoane, Maruxa (entrevistas a L.Seoane)  
 Sixto Seco, Agustín (conferencias)  
 Taboada, Luís (disco)  
 Vara, Alfredo (entrevista)  
 Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso (entrevistas)

**13) Materiais editados:** Pareceunos interesante proceder á edición de materiais de importancia especial, tanto por difundírmolo-las posibilidades do noso traballo como para achegar ó mundo interesado –especialmente ó do ensino e investigación– documentos inéditos. Editamos tanto CDs como casetes. O primeiro sistema reservámolo para aqueles documentos que se axeiten pola súa temática e organización interna. O noso primeiro CD, *Sons da Terra*, incluía 52 sons dificilmente localizables nunha casete e que, por outra banda, precisaban unha alta calidade. Sen embargo, preferimos normalmente as casetes por varias razóns: a calidade de son abonda para a palabra que é o groso das nosas edicións, existe unha maior facilidade de escoita nas aulas e nos desprazamentos en coche, e ademais, é moito máis económico: pódense difundir tres orixinais no canto dun.

Levamos editado en total vintedúas casetes, cunha tiraxe mínima de mil exemplares e máxima de dous mil. En total levamos situado en mans dos interesados unhas corenta mil unidades. En síntese son:

Dous estoxos (*Centenario do Museo Arqueolóxico de Ourense* –4 casetes, en colaboración coa Consellería de Cultura e o Museo–, *A Nosa Fala: bloques e áreas lingüísticas do galego* –3 casetes, en colaboración co ILG<sup>13</sup>). Nove casetes da colección *As Nosas Voces* e máis 4 de *Homenaxes* –dúas delas en colaboración coa *Fundación Otero Pedrayo* e *Rosalía de Castro*. Un dos casetes homenaxe –75 aniversario de Nós– foi distribuído por *O Correo Galego*, e outro –*Ferro Couselo, A orixe da cidade de Ourense*– foi distribuído por *La Región*.

Nestes cintas aparecen intervencións de Otero Pedrayo, Blanco Amor, Ramón Piñeiro, Suárez Picallo, Rafael Dieste, Xesús Ferro Couselo, Xesús Taboada Chivite, Xoaquín Lourenzo, Manuel Meilán, Antón Alonso Ríos, Rodolfo Prada, Fernández del Riego, Santos Junior, Pires de Lima, Modesto Rodríguez Figueiredo, José Mosquera Pérez, etc. Están en proceso de edición materiais de Álvaro

<sup>13</sup> Un exemplar deste estoxo foi repartido a cada un dos asistentes a este Congreso.

Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro, que sairán antes de fin de ano e que levarán os números de 10 e 11 da colección *As Nosas Voces*.

Os nosos medios técnicos –conforme á nosa realidade de proxecto impulsor que non de estrutura vocacionalmente única e definitiva para entender destes temas– son modestos (mesa de 18 pistas, magnetófono Revox, DATs, Platinas, pratos... conformando un pequeno estudio de gravación e tratamento de son). Encóntrase localizado nos locais do Consello da Cultura Galega, no Pazo de Raxoi en Santiago de Compostela.

## VI. PROXECTOS FUTUROS: O QUE TENTAREMOS FACER

Desde a nosa realidade temos pensado para os próximos meses unha serie de actividades que irán na dobre liña de articular organizativamente o proxecto ASG –na que pensamos debe ser unha obvia confluencia de intereses entre o Consello de Cultura e a Administración autónoma– e continuar coas actividades de localización, recompilación organización e difusión dalgúns materiais. Entre as tarefas concretas previstas para os próximos meses citaremos:

**Finalización da catalogación dos fondos inéditos.** Esperamos completar ó longo de 1997 a catalogación informática dos materiais das principais coleccións cultas, citadas na lista anterior, entre as que destacan as localizadas nos centros da emigración bonaerense.

**Elaboración dunha “Discografía de Galicia”,** base de datos na que se inclúan tódolos datos dos documentos sonoros editados que teñan algún tipo de relación co país (lugar de edición, temática, lingua, autor...).

**Compra dunha colección** de dous mil documentos sonoros editados: Trataríase coa adquisición desta colección de establecer unha importantísima base para ir completando a documentación sonora editada en calquera soporte (LP, single, cartucho, casete, CD, etc.) con referencia a Galicia. Polo feito de que a maior parte da produción sonora galega estea editada fóra de Galicia, non é totalmente definitivo nin completo, o fondo habitual do Depósito Legal.

**Comisión Asesora:** trátase de integrar no nacente proxecto a persoas relacionadas nos seus campos profesionais co mundo da conservación do patrimonio sonoro e oral: responsables das radios públicas municipais, autonómicas e estatais, e da fonoteca da Universidade, e xentes que habitualmente traballen con documentación oral: Instituto da Lingua Galega e grupo Historia Oral da Universidade. Deseñar liñas de traballo e organización para un proxecto en marcha e con vocación de apertura e colaboración permanente.

**Congreso: O noso patrimonio sonoro:** Trataremos de organizar, en colaboración coa Xunta e coa Universidade, no outono de 1997, un Encontro sobre o patrimo-

nio sonoro galego. Trátase de pónos en contacto directo coas experiencias organizativas doutras zonas de España e dos principais arquivos sonoros do estranxeiros a través das explicacións dos seus responsables, ó tempo que analiza-la realidade galega desde varios puntos de vista: coleccións existentes, materiais editados, lexislación, proxectos, desexable confluencias de intereses, etc.

**Donos da palabra:** Será unha colección de conferencias e discursos onde complementaremos-la edición do soporte sonoro coa transcripción e comentario –edición crítica– en papel. Deste xeito pretendemos achegarnos ó grande público a través da introducción dos nosos materiais nas librerías.

**Proxecto LEGA:** Impulsaremos neste exercicio o proxecto LEGA –Letras Galegas– para a edición de textos literarios en soporte sonoro. Pretendemos que sexa un traballo de colaboración con outras instancias interesadas. O público ó que irá dirixido será tanto o xeral –como en calquera colección de audiolibros– como grupos específicos de interese evidente: invidentes, terceira idade, infancia...

**CD Os sons da poesía:** Editaremos –coa colaboración organizativa dos alumnos da Facultade de Xornalismo– un CD cunha antoloxía da poesía galega de 70 minutos de duración. Trátase de facer unha fusión de recitado e sons naturais ou humanos evocados nos poemas. O CD incluírá desde cantigas medievais ás máis vangardistas producións actuais.

**Xoias musicais Galegas:** Trataremos de organizar unha colección de CDs titulada “Xoias musicais galegas” na que agrupar gravacións musicais históricas difíciles de conseguir na actualidade. Trataríase en xeral de remasterizar e reedita-las poucas gravacións que conservamos das primeiras décadas do século.

**Elaboración dun regulamento** de adquisición e consulta dos materiais. Coidamos que o noso programa dentro das necesidades de organización debe establecer uns mecanismos definitivos de adquisición –condicións de doazón, compra, cesión, etc.– e de consulta dos materiais.

**Edición do catálogo das coleccións** tanto inéditas (nome, tema, data) como editadas (discos, cassetes, CDs, DATs...). Unha vez elaborados os catálogos iniciais cómpre póllos a disposición das persoas e institucións interesadas, para que o traballo feito comece a ser rentabilizado.

**Apertura ós investigadores**<sup>14</sup>. A xustificación principal dun proxecto como o ASG é a posta a disposición dos interesados dos materiais recuperados. A voca-

<sup>14</sup> Pénsese na utilidade que pode ter para os investigadores a consulta deste material. Por exemplo, de Ramón Otero Pedrayo conservamos neste momento as seguintes gravacións:

- 1) Acto de coroación de Ramón Cabanillas, 1959 (Col. Agustín Sixto Seco)
- 2) Apertura das Xornadas Patrióticas Galegas 19/7/59. Teatro Avenida. Bos Aires. (Col. Centro Galego de Bos Aires).
- 3) “Europa y Galicia”. 22/7/59. Fac. Filosofía y Letras. Univ. Bos Aires. (Col. Centro Galego de Bos Aires).
- 4) “La Cultura clásica como anhelo y como recuerdo” 23/7/59. Colegio Nacional de Bos Aires. (Col. Centro Galego de Bos Aires).

ción do proxecto é servir de intermediarios entre a recuperación de documentación sonora e a investigación sobre a mesma. Para iso é preciso habilitar horarios de atención ó público, de escoita dos materiais, e sistemas de copiado para as pezas que sexan susceptibles de selo.

## VII. BIBLIOGRAFÍA

- Ambrosio Flores, A., “Servicios de fonoteca en bibliotecas populares”, *Boletín de la ANABAD xxxviii*, 1988, pp. 371-381.
- Biblioteca de Valladolid, *Catálogo de la fonoteca: Biblioteca de Castilla y León*, 2 vols., Valladolid, Junta de Castilla-León, 1995.
- Iglesias Martínez, N./ Gallego Cuadrado, P., “Informe sobre la visita realizada al National Sound Archive y al Archivo de grabaciones sonoras de la BBC”, *Boletín de la ANABAD xxxvii*, 1987, pp. 653-59.
- Miranda Regojo, F., *La fonoteca*, Salamanca, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 1990.
- Ruiz Tarazona, A., *Guía para una fonoteca básica*, Madrid, Ministerio de Cultura, Subdirección Gral. de Ediciones sonoras y audiovisuales, 1985.
- Seminario sobre la Edición Sonora y las Fonotecas*, I, Madrid, Ministerio de Cultura, Subdirección Gral. de Ediciones sonoras y audiovisuales, 1985.
- 5) “Homenaxe a Rosalía”. 24/7/59. (Col. Centro Galego de Bos Aires).
  - 6 e 7) “Escritores gallegos del XIX”. 27/7/59. Sociedad Argentina de Escritores (SADE). (Col. Centro Galego de Bos Aires).
  - 8) “Cinco noites en Compostela”. 31/7/59. Centro Galego. (Col. Centro Galego de Bos Aires).
  - 9) “Homenaxe da colectividade galega”. 15/8/59. Federación de Soc. Galegas. (Col. Centro Galego de Bos Aires).
  - 10) “La Universidad de Santiago de Compostela”. 18/8/59. Ateneo Unión Cultural. (Col. Centro Galego de Bos Aires).
  - 11) “Inauguración do curso da Asociación Galega de Universitarios Estudiantes e Artistas (AGUEA). 19/8/59.(Col. Centro Galego de Bos Aires).
  - 12) “Ramón Cabanillas”.1964. Centro Galego de Madrid. (Col. Fundación Penzol).
  - 13) “Perfiles de Valle Inclán”.6/5/66. Círculo das Artes de Lugo (Col. Círculo das Artes de Lugo)
  - 14) “Palabras sobre Ramón Piñeiro con motivo dos seu ingreso na RAG”. 25/11/67. (Col. Xulián Parga; Col. Fundación Penzol).
  - 15) “Homenaxe de Galicia a Don Ramón Otero Pedrayo”. 3/3/68. Compostela. (Col. Carlos Bouzo).
  - 16) “Otero na Rosaleda”. 13/2/70. Compostela. (Col. Agustín Sixto Seco)
  - 17 e 18 ) “A miña amizade con Castelao”. 8/9/71. Inauguración do Museo Carlos Maside. (Col. Isaac Díaz Pardo)
  - 19) Entrevista de Alfredo Vara. 1972. (Col. Alfredo Vara)
  - 20) “Médicos galegos”. 6/3/75. Colexio Médico de Ourense. (Col. Pedro Gómez Antón)
  - 21) “Castelao, hoxe e sempre”. Amigos da Cultura de Pontevedra. 28/2/75. (Col. José Luís Fontenla Rodríguez, Col. Fundación Penzol)
  - 22) “Inauguración do busto de Castelao en Rianxo”. 27/9/75. (Col. Agustín Sixto Seco)
  - 23) “Ourense na historia”. 9/11/75. Unión Orfeón Orensana. (Col. Xosé Luís Carrión)
  - 24) “Derradeira entrevista” (?) Setembro de 1975. (Col. Agustín Sixto Seco).
- Ademais disto encóntranse editadas polo noso Arquivo as seguintes:
- 1–Ramón Otero Pedrayo en América I. (Acto no Centro Ourense, 24/7/59. Col. Centro Galicia, Bs.As.).
  - 2– Ramón Suárez Picallo e R.O.P. (Acto na Federación de Soc. Galegas, 15/8/59)
  - 3– Don José Mosquera e R.O.P. (Homenaxe a Rosalía, 24/7/59 Da Col. Centro Galego.)
  - 4– Homenaxe de Galicia a R.O.P. (3/3/68 da Col. Carlos Bouzo)
  - 5– “A revista Nós” (12/12/70, da Col. Carlos Guitián).
  - 6–“Ramón Cabanillas” (1964 no Centro Galego de Madrid, da Col. Fundación Penzol).